

Salamanca ten algo de cidade vaticana, con dúas catedrais; de cidade aberta, con estudantes chegados de todo o mundo, tomando cervexas na Praza Maior, paseando pola praza de Ana-

ya e pola "Rúa" Mayor ou entrando na casa Lis para visitar a súa mostra de art nouveau e art deco. Tamén hai unha Salamanca, capital de Franco antes que Burgos, unha Salamanca recuperada po-

los autobuses do PP, pola que desfilan pancartas esixindo o paredón para Carod Rovira. Unha Salamanca de cultura e outra de pistolón que non deixa durmir tranquilo a Unamuno na súa tumba. ♦

DIRECTOR: Alfonso Eiré López **EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA:** Promocións Culturais Galegas S.A. **PRESIDENTE:** Xosé Fernández Puga.
 Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
 info@annosaterra.com
 Impresa en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

Victorino Pérez Prieto

'Se non cren, que fagan comunións polo civil'

H. VIXANDE

Crego da teoloxía da liberación e habitual columnista xornalístico, Victorino Pérez Prieto vén de publicar o libro *Contra a síndrome N.N.A. (Non hai Ningunha alternativa) Unha aposta pola esperanza* (Xerais).

Con ese título de libro parece un utópico.

Renunciar á utopía é renunciar ao Evanxeo, non ser fiel ás ensinanzas de Xesús. A utopía no é un sono iluso, temos que tratar de facer da Humanidade un mundo de irmáns.

Tamén ten un artigo contra a Coca Cola, ¿non será de Pepsi?

Non. Son un absoluto militante contra a Coca Cola, case tanto como defensor da palabra de Xesús. De novo gustábame, pero non bebo nin Coca nin Pepsi. A Coca Cola, sobre todo, é un símbolo do imperialismo fascista. Os americanos, cando chega a Coca Cola a unha sociedade, saben que teñen o camiño feito. Non se pode ser militante de esquerdas e beber Coca Cola porque é como poñer na fronte da camisa a cara do Tío Sam.

Confésolle que eu bebo moita.

Invíttolle a que o pense, a min tamén me custou traballo deixala.

A guerra tampouco lle gusta, niso comparte opinión co defunto Woytila.

Era unha das poucas cousas nas que coincidíamos. Cada vez estou máis convencido de que a guerra non é a solución, nin sequeira en situacións de inxustiza. Na guerra gaña a forza, non a razón.

A Xoán Paulo II chega a poñelo ben pola súa postura contra a guerra. Vostedes, o clero, sempre facendo piña.

Ese espírito corporativo non é o meu, pero cando unha persoa que ten o recoñecemento que tiña



JORGE MEIS / AGN

el expresa de forma tan rotunda unha idea coa que coincido, como cando dixo "guerra nunca máis", vou mencionalo. Pero o modelo de Igrexa de Xoán Paulo II e Bieito XVI e o meu son distintos.

En que se diferencian?

Eles teñen un modelo de pirámide, o meu é de círculo, de comunidade.

Chama contra o ateísmo recalcitrante e contra o imperialismo da ciencia e reclama a presenza pública da relixión. Parece Gea Escolano!

Hai dúas visións sobre a política e a relixión. Unha é aquela de Lutero e a relixión de cada país, na que a relixión dirixe a política. É unha relixión de presenza. Eu prefiro o outro modelo, o de relixión de mediación. A teoloxía da liberación usa a política, pero para camiñar con todos aqueles que procuran a xustiza. Coido que temos dereito a mani-

festar o que nos une aos outros.

Léndoos a vostede descubrín que o Corte Inglés non inventou o Nadal, eu algo sospeitaba.

Asimilouno. Hai quen pensa que non berce do Belén hai que poñer unha tarxeta de crédito, non o neno Xesús. Cristianizouse a sociedade pero agora están a impoñerse de novo as formulacións romanas de paganismo.

Dispara tamén contra o que chama folclore relixioso banal, como algunhas primeiras comunións. De que ía vivir a Igrexa senón?

Afortunadamente non hai necesidade diso. Non me preocupa encher igrexas porque si. Xoán Paulo II enchía estadios pero non por razóns evanxélicas. Eu quería que a primeira comunión fose un proceso de descubrimento da fe. Se non é así, que fagan comunións polo civil. Penso que o intentaron en Catalunya. Non me parece mal

nin blasfemo. O que vai ser difícil cambiar é o costume polos disfraces, pero que os rapaces non veñan vestidos de Jedis!

O libro recolle artigos de momentos moi distantes, ás veces aparecen posturas a priori incoherentes.

O libro está composto por artigos diversos, pero ten vocación de ensaio sobre a necesidade de superar a parálise, pero centrado en aspectos concretos, por iso pode parecer que hai contradicións.

Máis que un moderno, parece un posmoderno.

Son herdeiro da modernidade porque penso que se pode transformar a sociedade coa razón e o corazón. A posmodernidade nega a posibilidade da transformación e non pode aceptala, pero si ten razón cando di que ás veces estamos atados por grandes discursos, por iso coido que se require unha ética persoal no esforzo transformador. ♦